

DECLARACIÓN POLO 11 DE FEBREIRO:

Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia.

En 2016, a Asemblea Xeral das Nacións Unidas decidiu proclamar o 11 de febreiro como o *Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia*. O propósito básico desta declaración é promover o acceso e a participación plena e equitativa das mulleres e as nenas na ciencia; para, dese modo, alcanzar unha xusta e necesaria igualdade de xénero e o empoderamento das mulleres tamén neste campo. Tal como se establece na Declaración da ONU, eses obxectivos resultan vitais para un Desenvolvemento Sostenible.

É certo que nos últimos anos a participación das mulleres nas carreiras de grado superior aumentou enormemente. Con todo, os prexuízos e os estereotipos de xénero continúan mantendo a nenas e mulleres afastadas dos sectores relacionados coa ciencia; e, como consecuencia, a brecha de xénero nos sectores STEM (ciencia, tecnoloxía, enxeñería e matemáticas) persiste en todo o mundo.

Desde o IES Otero Pedrayo queremos sumarnos a esta conmemoración e facemos nosas as palabras de António Guterres, Secretario Xeral da ONU: *“Para estar á altura dos desafíos do século XXI, necesitamos aproveitar todo o noso potencial. Ese esforzo esixe desmontar os estereotipos de xénero. Neste Día Internacional das Mulleres e as Nenas na Ciencia, habemos de asumir o compromiso de poñer fin ao desequilibrio de xénero tamén nestas disciplinas”*.

Porque, en definitiva, **a maior diversidade, mellor ciencia.**